



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2024/G012/000010

Na sesión realizada pola Comisión Especial de Contas o martes día 15 de outubro de 2024 emitíuse o seguinte DITAME:

2.- 2024/T017/000001. INFORME DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2023.

O presidente dá conta de que o obxecto desta sesión é informar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2023, rendida polo Sr. alcalde e formada polo secretario – interventor do concello.

A documentación da Conta púxose á disposición dos integrantes da Comisión a través do Portal de Cargos Electos da sede electrónica do concello deste a convocatoria da sesión e atópase no expediente 2024/T017/000001 de TEDEC. A Conta Xeral reúne os requisitos establecidos nas regras 44 e seguintes da *Instrución do modelo normal de contabilidade local de 2013* e á terceira parte do *Plan xeral de contabilidade pública adaptado á administración local*, anexo á dita Instrución.

No expediente consta o informe favorable da Intervención do Concello, ISIA 53 T017 000001, de data 20/09/2024.

Sometido a votación o ditame, a Comisión Especial de Contas **ACORDA**, por maioría de dous votos a favor e coa abstención do Sr. concelleiro José Manuel Varela Ferreiro:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio de 2023 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante o devandito prazo, os interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teñan por convenientes, os cales, caso de presentarse, deberán ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións se estimen como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Tramitar o expediente nos termos previstos no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, entendendo este ditame como definitivo se no prazo de exposición ó público non se presentaran reclamacións, reparos ou observacións.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA, na data que figura á marxe.

O PRESIDENTE

Diego Luís Díaz Méndez

O SECRETARIO

José Ramón Vázquez González



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Telef. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2024/G012/000010